

Jordi Ficapal i Mestres

Director do Observatorio de Turismo Responsable na Facultade de Turismo e Dirección Hoteleira Sant Ignasi (Universidade Ramon Llull)

Presidente do Consell Català de Formació Profesional da Generalitat de Catalunya.

Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural (UB), Posgraduado en Estratexia e Competitividade Rexional (UPC), Posgraduado en Familia e Benestar Social (UB), Máster en Cooperación ao Desenvolvemento (UB) e Máster en Public Administration (ESADE). Director do Observatorio de Turismo Responsable na Facultade de Turismo e Dirección Hoteleira Sant Ignasi (Universidade Ramon Llull) na que ten desempeñado diversas responsabilidades como Director académico e de investigación, investigador principal do Grupo de Investigación en Ética do Turismo e a Hospitalidade (GRETHOS) e profesor titular de diversas materias como “Antropoloxía e socioloxía do turismo”, “Análise do entorno turístico”, “Turismo sostible”, “Turismo e desenvolvemento comunitario” e “Responsible Tourism” entre outras. É membro da Cátedra ETHOS de Ética aplicada e da Cátedra UNESCO de Cooperación ao desenvolvemento da Universidade Ramon Llull e é membro tamén da rede internacional de investigadores en cooperación ao desenvolvemento e turismo COODTUR. Dirixiu entre 2003 e 2006 o grupo de consultores para a aplicación do Código Ético Mundial do Turismo para a Organización Mundial do Turismo (UNWTO). En 2013 organizou e presidiu xunto ao profesor Harold Goodwin a 7ª Conferencia Internacional sobre Turismo Responsable nos Destinos celebrada en Barcelona.

Entre 2011 e 2015 compatibilizou a súa actividade universitaria co exercicio das súas responsabilidades como concelleiro de Facenda, Recursos humanos, Promoción económica e Ocupación do concello de Cervelló.

Actualmente exerce como Presidente do Consell Català de Formació Profesional da Generalitat de Catalunya.